



# Representacións gráficas e literarias de San Xoán da Cova

Francisco Díaz-Fierros Viqueira  
francisco.diaz-fierros@usc.es

**Resumo.** Estúdanse as representacións gráficas e literarias do accidente xeolóxico de San Xoán da Cova sobre o río Ulla. Constátase que estas representacións teñen importancia e abundan no século dezanove como consecuencia do movemento romántico e da valoración que realiza este sobre os “lugares de interese” paisaxístico. A partir do último terzo do século dezanove, coa desaparición das últimas manifestacións do romanticismo en Galicia, estas representacións gráficas e literarias diminúen considerablemente.

**Abstract.** Graphical and literary representations of San Xoán da Cova’s geological landmark on the Ulla river are studied. These representations are proved to be very relevant and plentiful in the nineteenth century as a result of the assessment made by Romantic Movement on the “areas of scenic interest”. Since the late nineteenth century, when the last displays of Romanticism had disappeared in Galicia., these graphical and literary representations were significantly reduced.

## Introdución

É aceptado que desde os primeiros anos do século dezanove a natureza comeza a ser mirada dun xeito diferente. A ollada utilitaria e, ata certo punto obxectiva, que dominaba no século precedente foi deixando paso, impulsada polos alentos do movemento romántico, a unha relación máis subxectiva na que as pulsións persoais se proxeccionaban e mesmo redefinían o mundo natural. Os elementos da natureza valorábanse, non tanto polo que tiñan de interese económico ou científico senón polos sentimentos que podían desatar. Nacía a paisaxe como un diálogo ser humano-natureza no que o fundamental era o xeito de relación que se establecía, ao tempo que a experiencia estética que suscitaba convertíase en mediadora do coñecemento (Gómez Mendoza, 2006).

A mirada científica sobre a natureza cambiou tamén neste século. O afán analítico e desmembrador da ilustración foi substituído pola ollada integradora e global dos filósofos da natureza ao tempo que ían aparecendo novas teorías que tentaban darlle sentido unitario á

morea de datos acumulados no século precedente. Nas ciencias da natureza, a consolidación da xeoloxía como ciencia despois da integración nun corpo de coñecementos único das teorías neptunistas e plutonistas<sup>1</sup>, foi a grande novidade deste tempos. A linguaxe entre a ciencia e as artes tamén racha as súas barreiras e tanto xorden científicos, como Humboldt o De Saussure, que se recrean en descripcións literarias, como artistas, como Carus ou Constable, que piden o auxilio da ciencia para concluír as súas obras (Díaz-Fierros, 2006).

De todas maneiras, e como contraste co afán xeralizador dos filósofos da natureza, aparece tamén o interese dos escritores románticos polo *lugar específico* como obxecto de estudo e evocación estética (López Ontiveros, 2006): “O sentido do particular –di Pocok, 1981– como oposto ao xeralizado, necesitou do ollo meticuloso dos Románticos que se achegaron ao xeral concentrándose no particular”. De aí que se foron desvelando e descubriendo na natureza, a partir da particular ollada romántica, lugares emblemáticos polo seu potencial evocador. Diante deles, escritores, pintores, pero tamén científicos, amosaban a súa admiración e capacidade de expresión estética e descritiva.

San Xoán da Cova é unha profunda e impresionante gorxa no río Ulla ao pé do Pico Sacro que pode considerarse, para Galicia, como un destes lugares senlleiros que foron obxecto dunha atención especial polos intelectuais románticos do dezanove. Científicos, nomeadamente xeólogos, como Schulz e Valenzuela, escritores como Neira de Mosquera ou Rúa Figueros e debuxantes como Gil Rey ocupáronse con admiración e interese deste lugar singular.

Antes desta época, fora tamen citado, mesmo desde o século IX, pero só como lugar de asentamento dun mosteiro ou cenobio bieito (Fita, 1911) ficando as súas connotacións como contorno natural excepcional, practicamente ignoradas. Só, e xa na metade do XVIII, Rioboo y Seijas, comezaba a falar de “San Juan del hiermo, ceñido de dos sierras altísimas y en una profundidad propísima para la vida contemplativa”.

1 Os neptunistas pensaban que tódalas rochas orxinábanse por procesos de sedimentación nunha masa de auga e os plutonistas, en cambio, pola acción do lume interno da terra.

Do mesmo xeito, e unha vez pasados os fervores románticos galegos co último terzo do século dezanove, as referencias sobre San Xoán da Cova, volven de novo a decaer. Mesmo, na época actual, onde a xeoloxía galega acadou niveis de desenvolvemento notables, as citas sobre este fenómeno natural, son mínimas.

## O século dezanove

Os xeólogos foron os primeiros que achegaron información gráfica sobre este punto e foron seguidos de perto por pintores e escritores que atopaban nas impresionantes pendentes desta gorxa motivos máis que sobrados para súa inspiración. Deste xeito a iconografía de San Xoán da Cova, recollida en moitos gravados e pinturas, é diversa e abunda, e constitúe un curioso repertorio onde os diferentes estilos interpretativos teñen cabida.

Unha das primeiras representacións gráficas coñecidas de San Xoán da Cova foi o debuxo feito polo xeólogo alemán Guillermo Schulz (1805-1877) na excursión que realizou ás terras do Ulla o 22 de outubro de 1832 (Vidal Romaní, 1992). Ofrece unha panorámica do paso e un pequeno croquis xeolóxico (Figura 1). Así mesmo realiza unha interesante descrición, da que se destacan algúns parágrafos:

...fui inmediatamente a ver el estrecho del río que llaman S. Juan de la Cova...se forma en este una porta (¿?) de las más hermosas que se pueden ver, el río corre por espacio de doscientos pasos en una garganta tan estrecha y de paredes tan pendientes y asperas que es de todo punto imposible pasar esta parte por tierra, por verla mejor, di una vuelta, subi a lo alto de la cuesta del Poniente y me acerqué para ver el pasage del rio casi vertical debajo de mi a una distancia o profundidad de quizás 50 varas pero es ya que el crestón baja bastante y su altura general es mucho mas considerable, el rio no tiene un espacio de unas 6 varas entre paredes casi verticales y desnudas y según sospecho sigue la hendidura en la madre del rio aun mucho mas debajo del agua. Di luego otra vuelta mas alta atravesé el crestón y bajé a la parte boreal de él al lugar de Celdas y de aquí al rio que corre entre peñascos en firme. Es sin duda un punto de los mas pintorescos de toda Galicia y puede contarse entre los sitios mas interesantes para la geología y para aquellos que observen con admiración y gusto las escenas de la naturaleza.

Ao día seguinte prosegue a súa excursión polo mesmo contorno, investigando o punto onde din, “hubo un convento”, concluíndo que

aínda que os sinais evidencian que é “incontestable que haya habido un edificio” polas súas dimensións, sería máis propio dunha herdada ou cenobio. Por outra parte, investigando a fenda xeolóxica, conclúese que este accidente debería de existir antes do paso do río por ela e que, así mesmo, a falla de masas de acarreo no contorno era consecuencia das importantes avenidas e cheas que alí deberían de producirse.

A seguinte representación é a coñecida litografía que Ramón Antonio Gil Rey (1818-1844) publicou en 1838 no *Semanario Instructivo* da Sociedade Económica de Amigos del País de Santiago (Figura 2). Vai acompañada dunha descrición, sen sinatura, onde insiste no carácter “sublime” e singular desta paisaxe. Aventúrase en discurrir sobre as súas orixes, desbotando a posibilidade de que fose obxecto da man do home como algúns propoñían (S.O., no mesmo *Semanario Instructivo*, o 23 de marzo de 1838 falaba da posible intervención do home na xénese deste accidente xeolóxico: “un precipicio al parecer tajado con arte”) pero propoñendo como causa a existencia dun gran lago “que estaba circunscrito por aquela cordillera (o Pico Sacro), y que una cascada elevadísima le ha ido desaguando y al propio tiempo abriendo el paso que ahora facilita su curso”

Posteriormente, o mesmo autor volveu reproducir con diferente perspectiva, un novo debuxo do paso de San Xoán da Cova no caderno de viaxes por Galicia que realizou en 1842 (Filgueira Valverde, X. 1946-47).

O médico compostelán Xosé Rúa Figueroa (1820-1855), fervoroso defensor das ideas liberais que lle valeron non poucos desgustos, autor romántico de dramas e de contos, deixou no *Semanario Pintoresco Español* tres descricións de carácter xeográfico, acompañadas cada unha do seu correspondente gravado, sobre a ferverza do Toxa (t. XV, pax. 292, 1850), o paso de San Xoán da Cova (t. XV, pax. 297, 1850) e o Monte Furado (t. XVI, pax. 161). O gravado de San Xoán da Cova (Figura 4) evidentemente foi feito máis por descricións verbais que por unha observación directa xa que as paredes do corte son dunha verticalidade absoluta que non concordan coa realidade e que suxiren máis unha intervención humana que unha acción da natureza. O texto descritivo, ou foi inspirado polo recollido doce anos antes no *Semanario Instructivo* de Santiago, ou ben foi




FIGURA 1. Panorámica de San Xoán da Coba e croquis xeolóxico do mesmo, feitos por Guillermo Schulz en 1832. (Vidal Romani, J.R. 1992).

escrito pola mesma man, polo que habería que admitir que Rúa Figueroa o redactou con dezaoito anos, precocidade que non era estraña naquelas épocas. En calquera caso, os paralelismos son notables, nas descrições, nas citas e, sobre todo, nas conclusións sobre as súas orixes:

Este río debíu en algún tempo despeñarse desde a falda del Pico Sagro, formando una elevada cascada, cuyas aguas corroyendo su lecho abrieron paulativamente ese portentoso canal hasta nivelarse los dos alveolos. Nada mas probable que esta teoría confirmada por la estructura mismo de las rocas adheridas á ambos cortes como otras tantas estalactitas depositadas sobre un abismo; por la profunda ensenada que forma el río al traspasar el citado corte, que indica la acción corrosiva de una caída de agua en aquel punto.



FIGURA 2. Litografía da gorxa de San Xoán da Cova, por Ramón Antonio Gil Rey no *Semanario Instructivo*, 1838 (Puertas, C. 2008).

Rúa Figueroa, que ademáis de escritor de dramas e contos, amosaba unha boa formación científica, recoñecía o carácter precursor deste tipo de descrições por parte de Humboldt, na súa viaxe polos Andes, e de De Saussure, polos Alpes e, así mesmo, destacaba o carácter singular desas paisaxes “que no carecen de la imponente magestad con que están revestidas esas obras del Criador” sinalando que:

Uno de esos fenómenos es, sin disputa, el que motiva este artículo, y cuya vista meridional aparece á su frente. En otro país, fuera el Paso del Ulla en San Juan da Cova, objeto de bellísimas teorías acerca de su formación; teorías que, aun cuando no era para otra cosa, servirían para enriquecer, la ciencia de Carlos Lyell, aclarando un hecho geognóstico; en España permanece ignorado porque no hay viajeros que los describan, ni geólogos que lo espliquen, porque el territorio que le abriga es desgraciadamente tan desconocido como vilipendiado, y porque el río á quien debe su origen figura tan solo en el mapa del antiguo reino de Galicia.

Deste mesmo gravado fíxose unha réplica, de mellor calidade, aínda que insistindo nos mesmos erros de representación que na



FIGURA 3. Debuxo de Ramón Gil Rey en *Apuntes de un viaje por Galicia*. 1842. (Figueira Valverde, X. Museo de Pontevedra. 1946-1947).

anterior, na *Crónica General de España. Crónica de la provincia de La Coruña* de F. Fulgosio, Madrid, 1866. (USC et al., 2007).

Antonio Neira de Mosquera (1823-1854), paradigma do escritor romántico, inadaptado, de vida efémera, amigo da expresión enfática e fantástica, así como pouco dado aos rigores históricos, demostrou tamén unha auténtica admiración polo paso de San Xoán. Nel atopaba, posiblemente, un exemplo elocuente desa natureza dramática, salvaxe e sinistra da que tanto gustaban os escritores da primeira metade do século dezanove. Desde as páxinas do *Semanario Pintoresco Español* escribiu, en 1853, un artigo sobre “El paso del río Ulla por San Juan da Cova” (que ía estar integrado nunha publicación, que non chegou a saír do prelo, sobre a *Ulla-baja*) que tendo




FIGURA 4. "Paso del Ulla en San Juan da Cova", no *Semanario Pintoresco Español*, 22 de setembro de 1850.

unha aceptable calidade literaria non deixa de ser unha viva expresión dos excesos das plumas románticas:

*San Juan da Cova* no es un salto de agua, una cascada, un *tajo*: es un camino cubierto que abrió el río para llegar al mar. Es el desgaste secular de un lago que ha mellado siglo a siglo, capa a capa, la vertiente de cuarzo del *Pico-Sagro*: glasis gigantesco de esa pirámide de toscas aristas que domina el valle como el castillo señorial de los siglos. El agua señaló el *paso*: los años y los hombres hicieron lo demás. Se franqueó el camino cubierto. Desapareció el remoto lago de la *Ulla-alta*, y se ahondó lentamente el *paso de San Juan da Cova*.

Como se ve, Neira de Mosquera faise eco das dúas teorías máis recoñecidas naquela altura sobre a orixe do paso: a existencia dun antigo lago e a acción do home, que semella que as fai compatibles e complementarias. Máis adiante, deixa voar a imaxinación para describir as sensacións que lle transmite a navegación polo paso:



El viajero se imagina que cruza las tranquilas aguas de un dique, entre los gigantes costados de dos navios que han resistido las borrascas del Océano. Aquí se distinguen masas silíceas de formas irregulares y caprichosas, cuyo glúten se descompone con la acción del aire, rodando sus fragmentos por la pendiente, que ya parecen grupos rescatados de personas ocultas, ya pelotones de hombres sospechosos.

Allí se reconocen heridas restañadas en la epidermis de la sierra: fuentes de escasa agua, que como la sangre coagula sobre un cadáver, dejan un rostro oscuro y limoso en las grietas de la montaña. Aquí, en una eminencia que es una cúpula irregular de cuarzo quebrantadas sus cimbras por la yedra y abultadas sus aristas por el musgo, un manajo de sarmientos adelanta sus descarnados músculos hacia el río, como lanzas apiladas en una torre de defensa.

... El viajero emplea cuatro minutos en la travesía del *paso de San Juan da Cova*. El río se comprime, y el horizonte es interrumpido por la revuelta gigantesca de dos montañas. Después, mírese atrás o adelante, la naturaleza vuelve a sonreírse ataviada y florida. Es el día saludado desde la puerta de un calabozo; es la aurora que disipa la penumbra de una noche oscura.

Este artigo vai acompañado dun gravado que é unha replica simplificada do dibuxo de Gil Rey de 1838 para o *Semanario Instructivo* (Figura 5). Máis adiante, en 1874, morto xa Neira, foi reproducido integramente o traballo na *Revista Galaica* de O Ferrol.

O mesmo *Semanario Pintoresco Español* no número do 13 de abril de 1851 reproduce un curioso gravado que leva por título “Desfiladeros de La Coruña” (Figura 6) que foi imposible atribuír a ningunha realidade xeográfica concreta, nin desta provincia nin de ningún outro punto de Galicia. É unha paisaxe claramente imaxinada, inspirada quizais nalgúnha descrición oral. Faise referencia a ela, neste traballo sobre San Xoán da Cova, porque existen algúns elementos desta que puideran ser extraídos dese contorno: a gorxa, a ponte, un castro (¿?) no cumio... En calquera caso, o debuxo respondería á liberdade interpretativa coa que o artista romántico se enfronta decote coa realidade. Por outra parte, non sería difícil que Neira de Mosquera, daquela colaborador asiduo da revista, fora o inspirador deste particular e fantástico gravado.

Antonio Valenzuela Ozores (1819-1866) profesor do Instituto de Pontevedra, foi, despois do xeólogo alemán Guillermo Schulz, o primeiro que achegou novidades importantes ao coñecemento xeolóxico galego (Parga Pondal, 1958) sobre todo a partir dos datos recollidos na *Memoria Geognóstico-Agrícola sobre la Provincia de*



(Paso del río Ulla por San Juan da Cova.)

FIGURA 5. Paso del río Ulla por San Juan da Cova. Neira de Mosquera, A. *Semanario pintoresco Español*, 9 de enero de 1855.

*Pontevedra* (Valenzuela Ozores, A. 1855). Neste traballo, dedícalle un amplo apartado á orixe da gorxa de San Xoán da Cova, da que afirma que “no hay punto más digno de llamar la atención del geólogo”. Analiza as hipóteses consideradas naquela altura como causas da súa formación, maiormente as relacionadas coa formación dun lago na Ulla alta, examinando, sobre todo, a posibilidade da existencia de depósitos lacustres a unha certa altitude (dato no que se apoiaban os defensores da teoría do lago) que considera de moi pouca entidade e que *además*:

... pudieron muy bien ser formados por el acarreo pluvial, estando situados bajo montes graníticos, y cubiertos de numerosos y pequeños fragmentos de cuarzo.



FIGURA 6. Desfiladeros de La Coruña. *Semanario Pintoresco Español*. 13 de abril de 1851.

Vienen en apoyo de esta opinión otros depósitos de arena, que se hallan en las laderas de la Ulla baja, donde jamás se ha supuesto la existencia de lago alguno. Por otra parte, ni en el recinto de Donas, ni en otro punto de los que debieron constituir el fondo del lago, se han descubierto hasta ahora depósitos lacustres, ni otro indicio de semejantes formaciones.

Como alternativa a estas hipótesis, considera que a fondura das augas no paso de San Xoán, que chegaría aos 20 metros, substentaría a necesidade dunha causa adicional á da simple erosión do crestón de cuarzo, e propón:

... que es forzoso apelar á causas mas poderosas que la erosión de las aguas, la cual indudablemnte ha contribuído también. Es mas probable que la montaña haya sido bruscamente rasgadas hasta notable profundidad en uno de los espantosos cataclismos que ha sufrido la corteza terrestre á impulsos del fuego central;

y aun quizá el corte de San Juan-da-Cova sea contemporáneo del levantamiento de las montañas vecinas.

Deste xeito, Valenzuela, coas verbas dos plutonistas máis radicais, expresa sobre a súa orixe a mesma opinión que Schulz: que a existencia dun fenómeno tectónico previo (unha fractura?) sería necesaria como un proceso antecedente para que actuara con toda a súa eficacia a posterior acción erosivas das augas.

A finais de século Antonio López Ferreiro (1837-1910), na súa magna obra sobre a catedral de Santiago (*Historia de la Santa Apostólica Metropolitana Iglesia de Santiago de Compostela*, 1899) aínda falaba, con acentos románticos, do lugar onde se asentaba o antigo cenobio bieito (“anidado en la hórrida oquedad del inmenso peñascoc”) pero, sobre todo, incluía un fotogravado do paso, feito por Antonio Eleizegui (1898-1941), catedrático de Farmacia que, probablemente, sexa a primeira fotografía tomada de San Xoán da Cova.

Finalmente, na Casa Museu Rosalía de Castro, en Padrón, existe un pequeno óleo, de Ovidio Murguía (1871-1900), pintor realista que representou as relacións, desde Galicia, coas ideas estéticas da Institución Libre de Enseñanza, que leva por título: “Paisaxe de Pontevila, San Xoán da Cova” (Figura 7). De todas maneiras, aínda que existen evidentes concordancias coa realidade do lugar, a imaxe ofrece certas dúbidas sobre esta correspondencia, máxime nun artista afeito a reproducir con fidelidade os detalles e as perspectivas do mundo natural.

## Século vinte

Na primeira metade deste século as referencias xeolóxicas ou xeográficas son practicamente inexistentes, aparecendo, en cambio, un renovado interese polas cuestións etnográficas ou históricas como sucedeu cos traballos do Padre Fita (1911) sobre a cova do Pico Sacro, a de Alfredo Vicenti (1917) sobre a lenda das pantasma brancas, ou o de Eugenio Carré Aldao (1936) sobre a orixe da propia gorxa. No primeiro deles, faise sobre todo unha detallada información sobre os vestixios do mosteiro bieito situado no paso e as diferentes lendas que fan referencia a existencia dunha cova que



FIGURA 7. Ovidio Murguía. “Paisaxe de Pontevila. San Xan da Cova”. Casa Museo Rosalía de Castro, Padrón (Sarmiento, 1998).

nacía no Pico Sacro e remataba en San Xoán da Cova. No artigo de Vicenti, acompañado dunha viñeta (Figura 8) recóllese unha lenda que fala dunha pantasma branca e dunha galiña con doce pitiños de ouro que saen na media noite cando resoa unha campá que está sumerxida nas augas do río. As descricións que fai da zona, aínda que non abandonan o ton fantástico que lle acae ao relato, son xa moito máis contidas que as dos escritores románticos:

Es conocido bajo esa designación (San Juan da Cova) un angosto pasadizo, abierto entre dos cantiles perpendiculares de más de veinte metros de altura, y por el cual se desliza el río Ulla, monótono, displicente y callado. Las paredes del callejón, a cuya parte interior llega el sol contadísimas veces y el hombre casi nunca, son guarida de enormes lagartos; y en todas las resquebrajaduras, donde se ha acumulado la tierra vegetal, crecen viciosamente las zarzas, entretejidas con las digitales y con los helechos arbóreos.

Finalmente Carré Aldao, ademáis de facer referencia ás lendas do lugar, fala de que “es maravilloso el paisaje que se domina desde la cumbre de la montaña, y el vértigo atrae al contemplar el fondo obscuro del barranco por donde corre aprisionado el río, entre dos ver-



FIGURA 8. Alfredo Vicenti “El alma popular”. Mondariz, 23, 1917.

tales y lisas paredes” decantándose pola acción humana como orixe do accidente:

lo liso y vertical de las paredes, el hallarse en las proximidades de trabajos de minería de tiempos remotos y encontrarse en la meseta faja de aluvi6n, hacen suponer que el soberbio y gigantesco tajo, mas que obra de la naturaleza, lo fue de los hombres, los romanos, que torcieron el cauce del r6o...

O propio Otero Pedrayo, despois dunha breve mención na descripci6n dunha viaxe a pé desde Ourense a Santiago (“a la derecha del puente se abre un paso de fantástica belleza en el corte acantilado de San Xoán da Cova entre altas paredes de granito”) (Otero Pedrayo, 1928) non lle dedica ningunha atención especial nas contadas ocasións en que o cita nas múltiples edicións da súa *Guía de Galicia* (Madrid, 1926, Santiago, 1945, Vigo, 1954, etc.).

Na segunda metade do século, pese a que os estudos xeolóxicos sobre a zona acadaron un notable desenvolvemento, case non hai ningunha cita explícita e dunha certa amplitude a San Xoán da Cova. Só Río Barja e Rodríguez Lestegás (1992) no seu libro sobre os sistemas fluvias galegos fan unha pequena referencia: “A paisaxe vólvese r6spida e brava cando o r6o, nun formidable proceso de epixénesese se ve obrigado a fende-la dura vea de seixo que dende o Pico Sacro corre cara ó SO formando unha estreita e formidable gorxa”. Finalmente, o IGME (Madrid, 1983) no seu repertorio de *Puntos de Interés Geolóxico de Galicia*, nen sequera o menciona.

Para rematar cómpre citar o amplo traballo recopilatorio de Groba e Vaqueiro (2004) sobre a *A Cova do Pico* no que se fai unha exhaustiva relación dos estudos sobre esta zona, nomeadamente dos relativos a lendas e espeleoloxía do lugar.

## Conclusión

Semella evidente que a consideración de San Xoán da Cova como unha paisaxe de intensas influencias evocadoras foi, sobre todo, un episodio do romanticismo. E que foi nesta época de onde proceden a maioría das representacións gráficas e literarias que vimos de comentar. Neses tempos convulsos nos que a natureza era unha referencia constante de inspiración, esta paisaxe dramática e singular de transición entre a Ulla alta e a baixa foi unha imaxe que os nosos intelectuais incorporaron con gusto ao seu universo persoal. E as lendas, que lle daban cobertura humana a esa realidade xeolóxica, contribuíron xenerosamente a recrear os antigos mundos, extraordinarios e fantásticos, que tanto apreciaban.

A partir do último terzo do dezanove, co esmorecemento en Galicia das ilusións do romanticismo, ese interese polo “espectacular” e o “sublime” da natureza, foi decaendo, e o mundo da cultura volveu os seus ollos cara outras realidades máis apegadas a vida cotián.

No canto das ciencias xeolóxicas, San Xoán da Cova tivo un percorrido similar. Pasouse dun tempo en que se falaba de que “puede contarse entre los sitios más interesantes para la geología y para aquellos que observen con admiración y gusto las escenas de la naturaleza” (Schulz), ou “no hay punto más digno para llamar la atención del geólogo” (Valenzuela) ata o silencio actual. De todas maneiras, co impresionante adianto que houbo no coñecemento xeolóxico de Galicia, hoxe sería posible, cando menos, dar resposta a esa interrogante sobre a súa orixe que foi formulada ao longo dos tempos. Tomariamos boa conta dese sistema de fracturas de dirección SSO-NNE que fenden o rexo crestón de cuarcitas do Pico Sacro e que poderían explicar doadamente esa debilidade estrutural da rocha que aproveitaría a erosión do río Ulla posta en marcha polo proceso epixenético<sup>2</sup> que afectou toda a zona. Deste xeito estaríamos confirmando *mutatis mutandis* as teorías de Schulz e Valenzuela que sempre falan dun proceso estrutural previo, anterior a acción erosiva do río.

---

2 Procesos erosivos que se intensifican por unha elevación, de orixe tectónico, do territorio.



FIGURA 9. Viaducto da liña férrea Santiago-Ourense (1958).

Finalmente, non se podería rematar este traballo que ten como base a paisaxe de San Xoán da Cova sen mencionar a construción do viaducto da liña férrea Santiago-Ourense en 1958 (Figura 9). Poderíase considerar, por algúns, como un proceso desacralizador. Unha sorte de atentado *contra natura*. De todas maneiras, sería tamén unha ilusión vá que iría en contra da corrente normal da evolución das paisaxes galegas que no transcurso da historia foron sempre constituíndose a partir dun proceso fundamente humanizador (Otero Pedrayo, 1955). Cada época incorporou os seus elementos e, aínda que temos a tendencia a reter e valorar só, como unha foto fixa, aquelas paisaxes que foron coma un telón de fondo de determinados episodios do noso percurso vital, a realidade seméllase máis ao cine, co seu dinamismo e cambio constante.

A nova paisaxe de San Xoán da Cova pode gabarse desta estrutura viaria feita con dignidade e bo sentido estético que cambia pero non denigra o contorno. Algo que quizais tamén se poder afirmar da novísima paisaxe que creou a última ponte do AVE (Figura 10).





FIGURA 10. A nova ponte do AVE sobre o Ulla na liña férrea Santiago-Ourense.

## Bibliografía

- CARRÉ ALDAO, E. *Geografía General del Reino de Galicia. Provincia de La Coruña (Tomo II)* Ed. Alberto Martín. Barcelona, 1936.
- DÍAZ-FIERROS VIQUEIRA, F. *A cuestión ambiental en Galicia*. Galaxia. Vigo, 2006.
- FILGUEIRA VALVERDE, X. Apuntes de un viaje por Galicia de Ramón Gil Rey, 1842. *El Museo de Pontevedra*, Nº 4. 1946-47.
- FITA, F. La gran caverna del Pico Sacro. Dos leguas al oriente de Compostela . Nuevo Estudio. *Bol. Real Ac. Historia*, tomo 59. Pags: 276-304. Madrid, 1911.
- GÓMEZ MENDOZA, J. Imágenes científicas y literarias de paisajes: un análisis comparado. En *Representaciones culturales del paisaje y una excursión por Doñana*. (López Ontiveros, Nogué e Ortega Cantero, coords.) Ed. Univ. Autónoma. Madrid. 2006.
- GROVA, X. VAQUEIRO, M. *A Cova do Pico. En el interior de la compostelana montaña de cuarzo*. Concello de Boqueixón. 2004.
- IGME (Instituto Geológico y Minero de España). *Lugares de interés geológico de Galicia*. Madrid, 1983.
- LÓPEZ FERREIRO, A. *Historia de la Santa Apostólica Metropolitana Iglesia de Santiago de Compostela*. Tomo II. Impr. Seminario Conciliar. Santiago, 1899.
- LÓPEZ ONTIVEROS, A. Literatura, geografía y representación del paisaje. En *Representaciones culturales del paisaje y una excursión por Doñana*. (López Ontiveros, Nogué e Ortega Cantero, coords.) Ed. Univ. Autónoma. Madrid. 2006.
- OTERO PEDRAYO, R. *Guía de Galicia*. Ed. Espasa, Madrid, 1926 (2ª ed. Suc. Galí, Santiago, 1945, 3ª ed. Galaxia, Vigo, 1954, 1964, 65, 80 e 91)
- Problemas y paisajes geográficos de Galicia*. Comp. Ibero-Americana de Publ. Madrid, 1928.
- Ensaio sobor da paisaxe galega. En *Paisaxe e Cultura*. Galaxia. Vigo, 1955.
- POCOCK, D. C. Geography and Literature. *Progress in Human Geography*, vol. 12, 1. Pags.:87-102. 1988.

- PARGA PONDAL, I. *El conocimiento geológico de Galicia*. Ed. Citania. Buenos Aires, 1958.
- PUERTAS, C. Breve historia de una litografía “incunable”. A *Estrada*, vol. 11 : paxs.: 7-11. 2008.
- RÍO BARJA, F. X. e RODRÍGUEZ LESTEGÁS, F. *Os ríos galegos*. Consello da Cultura Galega. Santiago, 1992.
- RIOBOO y SEIJAS, A. *Análisis-histórica-cronológica de la primitiva erección y progresos y diversas reedificaciones de la Santa Iglesia de Santiago*. Santiago (sin fecha). Aprobación pola censura, en 1747.
- SARMIENTO, R. Ovidio Murguía. *Artistas galegos. Pintores (novecentos)*. Nova Galicia Eds. Vigo, 1998.
- USC-Consorcio de Santiago-Fundación Caixa Galicia. *Galicia no gravado antigo. Colección Puertas Mosquera*. Santiago, 2007.
- VALENZUELA OZORES, A. *Memoria Geognóstico-Agrícola de la Provincia de Pontevedra*. Madrid, 1862.
- VICENTI, A. El alma popular. *Mondariz*. N° 23, año III. Paxs: 481-483. Madrid, 15 de abril de 1917.
- VIDAL ROMANÍ, J. R. *Guillermo Schulz. Cuaderno de Campo, N° 1 (Sept.-Nov. 1832)*. Ed. do Castro. Sada, 1992.